

# O movemento obreiro en España

Esquema básico

# Os primeiros movementos sociais

As primeiras asociacións de carácter sindical naceron en Cataluña. O sindicato de teceláns no ano 1840. Era unha asociación de mutualistas. Estes primeiros sindicatos funcionaban como Sociedades de Protección Mutua. Prohibíronas en 1844. Definitivamente autorizadas en 1887.

Durante o bienio progresista aumentou a axitación social: Folga xeral pola introdución das selfactinas en Barcelona (1855). Forte represión. Outros conflitos laborais en Béjar (1856), Alcoy e Antequera (1857). Aparece o sindicalismo de clase. Utilización da folga como instrumento de presión.

# A chegada do internacionalismo

O Sexenio democrático propiciou canles de expresión e liberdades que foron aproveitados polas organizacións obreiras.

A 1ª Internacional coñécese en España a través de Fanelli, un anarquista enviado por Bakunin. Isto influíu para que a primeira sección da AIT española tivese un marcado carácter anarquista: FRE, Federación Rexional Española da AIT (1870). Prende con forza en Cataluña, Levante e Andalucía (40.000 afiliados).

Na federación madrileña tivo máis influencia o marxismo xa que Paul Lafargue, xenro de Marx, asentouse nesta cidade. En 1872 esta federación madrileña pártese en dous. A FRE-AIT, anarquista e a Nova Federación Madrileña de tipo marxista..

O momento álxido do internacionalismo ten lugar durante a 1ª República. Levantamento popular de Alcoy en 1873. Coa Restauración o internacionalismo decae, foi duramente reprimido e queda fóra da lei.

# Anarquistas e socialistas

1881: a FRE muda o seu nome polo de Federación de Traballadores da Rexión Española. Unha sección desta organización anarquista optou pola acción directa atentando contra a burguesía, a Igrexa e o Estado: Bomba no Liceo, procesión do Corpus en Barcelona, personaxes políticos como Martínez Campos. Forte represión: Procesos de Montjuic (1897). Acción/represión/acción.

Os anarquistas partidarios da acción de masas fundaron o anarcosindicalismo coa fundación de Solidareidade Obreira en 1907 e a CNT en 1910. Este sindicato foi o de maior afiliación nas primeiras décadas. Salvador Seguí e Angel Pestaña os seus líderes. Forte represión na Ditadura de Primo de Rivera. 1927: FAI (Federación Anarquista Ibérica)

1879: Fundación do PSOE: Marxista, obreirista e revolucionario. Participa na 2ª Internacional. Achégase aos republicanos. Consegue que Pablo Iglesias fora deputado nas cortes de 1910.

1888 Fundación de UXT. Sindicato de clase. Forte implantación en Madrid, País Vasco e Asturias.

1921. Aparece o Partido Comunista

# Revoltas campesiñas

Revoltas agrarias en Andalucía: Ocupación ilegal de fincas e reparto entre xornaleiros, incendios nos rexistros notariais. Destacan os sucesos de Loja nos anos 60 que se estenderon por outras vilas de Cádiz, Málaga, Granada Almería e Jaén.

En Galicia destaca o agrarismo de comezos do s.XX que se caracteriza pola loita contra o caciquismo e a loita contra os foros. Solidariedade galega e máis tarde, en 1910, a fundación de Acción Galega de Basilio Álvarez son as organizacións que protagonizan as reivindicacións campesiñas: redención de foros, cooperativismo, montepíos de labregos, defensa dos sectores produtivos propios.

# As sociedades obreiras católicas e os primeiros pasos na lexislación laboral

1887 organízanse os Círculos Católicos para contrarrestar a influencia do anarquismo e o marxismo entre os traballadores. Aparecen as casas de beneficencia e inflúen no reformismo social dos gobernos liberais da Restauración:

1883 Comisión de Reformas Sociais: Informa das condicións de traballo dos obreiros e promove unha lexislación que regule as condicións de traballo. En 1903 converteuse en Instituto de Reformas Sociais.

1908 Instituto Nacional de Previsión: Embrión do que será a Seguridade Social.

Con todo non será ata o primeiro decenio do s.XX que comece a elaborarse unha lexislación no eido laboral: Regulamentación do traballo de mulleres e nenos (1900), Dereito de folga (1909) redución xornada laboral de 8 horas (1919).